

Normativa V XUNTANZA IDADE DE OURO

A xuntanza celebrarase o domingo día 21 de setembro de 2025 no campo do Lodairo de Carballeda de Avia.

1. O prazo para anotarse e retirar a entrada remata o día 19 de Setembro en horario de atención o público, no edificio do Concello de Carballeda de Avia.
2. Poderán participar no xantar os/as maiores de 65 anos censados/as no concello de Carballeda de Avia.
3. A entrada será gratuíta para os maiores de 65 anos.
4. Os menores de 65 anos non poderán participar, salvo nas dúas excepcións recollidas no punto 6 das presentes bases.
5. A entrada será nominativa e nela figurara tamén o DNI do titular.
6. No caso de que algún maior queira asistir e precise de asistencia, a persoa encargada de esta tamén poderá asistir comunicándoo previamente o concello no prazo establecido e a dispensas de ser convenientemente autorizado o efecto. Así mesmo seralle expedida a súa correspondente entrada na que figurara a súa condición de acompañante de

Tamén no caso de que a parella de algún dos maiores aínda non cumpra os requisitos de idade establecidos nas bases, poderán asistir nas mesmas condicións sinaladas anteriormente. No mesmo caso se algunha parella de censado non o estivera pero compartan domicilio, poderá asistir. En ambos casos deberan retirar as súas entradas nas mesmas condicións que o resto.

As empregadas de asistencia a domicilio dependentes do concello que o desexen tamén poderán asistir dada a súa estreita relación coa maior parte dos asistentes. Así mesmo o persoal contratado da Vivenda Comunitaria Os muíños.

Os membros do coro que participarán nos actos litúrxicos terán a consideración de convidados o xantar e poderán traer os seus respectivos cónxuxes.

7. Haberá servizo de transporte dende as diversas parroquias do concello que se fixara en función da demanda de cada unha. Con anterioridade o evento publicarase o horario e puntos de recollida nas distintas parroquias.
8. Celebrarase unha misa antes do xantar as 13:00hs.
9. O xantar será as 14:00 hs. e estará composto por o seguinte menú:

-Pulpo con cachelos

-Carne o caldeiro

-Pan,

-Postres,

-Viño, Bebidas

-Café, Chupitos.

O menú estará elaborado e servido por un cátering e esta valorado en 30€.

(O menú poderá conter alérxenos de distinto tipo. Non haberá menús distintos nin se farán menús especiais).

10. O remate do xantar haberá unha actuación de un grupo musical.

11. A presente normativa estará exposta no taboleiro do concello dende o día da súa publicación ata o día 30 de setembro.

Carballada de Avia a 01 de setembro de 2025.